

OS CAMIÑOS DE BARXACOVA

Chama a atención o que a Xunta de Castela León bautizou como "Camino de Hoja", un camiño que sae de Barxacova bifurcándose cara a serra e que pechaban, ata hai catro anos de forma alternativa por un lado ou polo outro (ano par / ano impar) para sementar centeo e así protexer a sementeira para que ninguén a trepase.

Hoxe aínda podemos ver o da esquerda (na foto) pechado cun muro. No pobo chámanlle a este As Apertaduras e ao que vai cara á dereita, As Sinsuas.



Disque nas Apertaduras hai unha cova que, segundo un estudo de toponimia menor que está a realizar a nosa informadora, podería ter dado orixe ao nome de Barxacova: "A xente dicía que é moi moi longa e que leva ata a Sirga, que é outra parte do monte".

Grazas a Marina Carracedo, (unha estudante de galego en Salamanca e unha *galega* de corazón) pola valiosa información que, sen coñecernos de nada e desinteresadamente, nos facilitou sobre o pobo dos seus avós: Barxacova.

Non deixedes de visitar a súa interesante páxina e deixádelle un comentario no Libro de Visitas, sobre se vos gustou o entorno do pobo, que lle fará moita ilusión.

<http://www.freewebs.com/barjacoba>



Laude e Paco hai dous anos

SEGUINTE ROTEIRO:

Lugar da costa galega, por determinar
16 de xuño de 2007

Consistirá nunha pequena rota pola mañán e tarde libre na praia coa posibilidade de que a comida vaia no autocar, porque estarán preto de nós á hora de comer.

En caso de haber restaurantes cerca, avisarase na páxina e por e-mail.

Hora de saída: 08.00 h AM

Inscripcións: Hoxe, cando se diga.

www.viaauria.com

SENDEIRISMO COS CINCO
SENTIDOS

info@viaauria.com

Tel: 630 283 440

Nº conta de A. C. Via Auria. CaixaGalicia
2091-0471-35-3040002209

ROTEIROS CULTURAIS

VIA AURIA



AS CAMPAS DE LAUDE

(BARXACOVA-LAGOAS DE CANCELOS)

Adicamos hoxe esta rota a, non só unha amiga, senón ademais a unha das primeiras persoas que, dende o principio, apostou firmemente pola idea e a razón de ser que hoxe move a gran e ben avenida familia de Via Auria.

Porque é unha obriga moral para nós agradecer o voso recoñecemento e apoio discreto e tenaz ao traballo que realizamos.

Polos inolvidables momentos que ti e Paco nos agasallastes coa vosa simpatía e o voso cariño en multitude de rotas.

¿O lugar?. Porque eras castellano-leonesa de nacemento e galega por amor, a rota desenvólvese por unha zona que ata 1833 pertencía a Ourense e, dende aquela, a Castela-León.

E, en definitiva, porque non deixaches un oco, senón que agora eres Via Auria.

viaauria.com

SENDEIRISMO COS CINCO SENTIDOS

Data: 5 de maio de 2007

A GALICIA ESTREMEIRA

En 1833, a raíña rexente María Cristina de Borbón, encarga a Javier de Burgos, nombrado Secretario de Estado de Fomento baixo o ministerio de Cea Bermúdez, a división territorial por provincias.

Javier de Burgos segue o modelo dos departamentos franceses e malia que moitas decisións de límites e adscripcións a provincias poideron semellar arbitrarias (conforme a criterios históricos e xeográficos), o certo é que seguían certa lóxica: extensión (dende o punto máis lonxano da provincia debería poder chegarse á capital nun día), poboación (as provincias deberían ter unha poboación entre 100.000 e 400.000 personas), etc.

A zona de Barxacova pertenceu ata 1833, a Ourense. Pero os costumes e a fala seguiron sendo galegos e hoxe perviven como tales.



O galego estremeiro fálese nas zonas de máis aló das fronteiras administrativas da Comunidade Autónoma Galega: Terra Navia-Eo, O Bierzo, As Portelas (onde hoxe imos) e o Val das Ellas, coas peculiaridades dialectalóxicas propias de cada zona ao igual que ocorre no territorio de Galicia.

BARXACOVA

Quen mellor para describir este fermoso pobo que unha barxacovesa (dirase así?) de pro: Marina Carracedo.

“bonita aldea situada entre montañas que pertence á comarca de Sanabria. Atópase no noroeste da provincia de Zamora, limitando con Ourense, León e Portugal. É o máis alto de toda a provincia, cunha altitude de 1.280 metros. Pertence ao concello de Pías, igual que Villanueva da Serra, e as festas son a primeira fin de semana de xullo. A lingua

que se fala é o galego, aínda que cuns rasgos peculiares, reflexados no estudo “El habla de Barjacoba” (1976), feito por Eleuterio Carracedo Arroyo.

Atópase no Parque Natural do Lago de Sanabria, o maior de España de orixe glaciar (mide 3,5 km de longo e 1,3 de ancho medio); está enmarcado polas serras Segundera e Cabrera e rodeado de 35 lagoas, xunto ás cales vive unha variada flora e fauna autóctona que fai desta zona un paraíso natural. A extremada pureza das súas augas fai que sexan consideradas entre as máis limpas dos lagos de Europa. O máis característico de Barjacoba son as súas idílicas paisaxes e “o curro dos lobos”, unha singular trampa para lobos que espera ser declarada Ben de Interese Cultural”

Fonte: Marina Carracedo, <http://www.freewebs.com/barjacoba/>



A vida en Barxacova protéxese dos raios con cruces de madeira e ten arrecendo de pan feito en forno comunal en grandes bolas de “hurmiento” = formento, como lle chamamos nós.

Tén sabor de horta sen pesticidas nin xurros, de cordeiro que paze polas *malladas* (vellos curros de gando) coalladas de *churidas*, endemismo sanabrés, (*genista sanabrensis?*) e *cacaragalos* e *amarellas* (narcisos), e de xato *alistano-sanabrés* (a raza bovina da Alta Sanabria).

Vive ao compás das estacións e dos cantos de rás, paxaros e corzos, entre unha poboación non moi numerosa nos invernos e máis nutrida nos veráns por mor da volta dos que atoparon traballo noutras latitudes. “Hai unha tenda-comercio no centro do pobo, a de Herminio e Benigna, aberta todo o día. Só tendes que chamar ao timbre e baixan, porque viven alí”, di a nosa informante.

AS MARRAS



As estremas entre os pobos márcanse cunha sinalética tradicional que aquí chaman *marras*, como nos dixo Marina, e que nas serras orientais de Ourense chamamos *estantes* e *homes de pedra*. Trátase de grandes fitos de ata dous metros e medio de altura, con base circular, diámetro de aproximadamente un metro e morfoloxía troncocónica rematada nun curuto máis estreito. Para a súa construción utilízanse laxes de mampostería.

Adoitan situarse nas dorsais de lombas, dende as que se divisa algunha aldea próxima e, ao tempo, ter a posibilidade de facer sinais ópticos con lume dende o seu pé e tamén serven para orientarse entre a neve. Para saber máis: Orientación e sinalética tradicionais. Tomás Vega Pato (Raigame)

AS LAGOAS:Engalanan un pasado glaciar e cada recanto do camiño tradicional que levaba e leva o gando cara o mercado de Porto:Lagoa do Franxoso, Lagoa das Lamas, Lagoa da Pedra Fendida, Lagoa do Bedul, Lagoa de Acibreiros, Lagoa Redonda, Lagoa do Burrico, Lagoa Herbosa, Lagoa Larga, Lagoa da Moza (seica debe o seu nome a que nela se afogou unha rapaza), Lagoa de Maseiras, Lagoa do Terrón, Lagoa do Sextil do Cepo, Lagoas dos Cancelos, etc., serán algunhas das que vexamos